

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA N° 3-2015 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 20/02/2015-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

M^a TERESA SOBRADELO IGLESLA.- (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

M^a OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSÉ RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Concelleiros ausentes:

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora

Patricia Fernández Pérez

RATIFICACIÓN DA URXENCIA E ACORDOS IN MEMORIAM DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE, D.JOSE CARLOS GEY HERMO.

O Alcalde da coñecemento a todos os presentes deste pleno convocado con carácter extraordinario e urgente en memoria do voceiro do PsdeG-PSOE, D. Jose Carlos Gey Hermo, que faleceu no día de onte de xeito repentina.

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 12:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnense os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do numero legal), polo Sr. Presidente declarase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

RATIFICACIÓN DA URXENCIA e ACORDOS IN MEMORIAM DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE, D.JOSE CARLOS GEY HERMO

Ratifícase a urxencia por todos os presentes, acadando a maioría esixida legalmente.

O Alcalde lee a proposta ao Pleno corporativo:

<<Na Casa do Concello de Rianxo, o 21 de febreiro de 2015, a Corporación Municipal de Rianxo celebra un pleno extraordinario *In memoriam* do Primeiro Tenente de Alcalde, o Señor Carlos Gey Hermo, finado no día de onte. Queremos, en primeiro lugar, concelleiros, concelleiras e traballadores municipais trasladar o noso máis sentido e sincero pésame, acompañando nestes momentos de dor e ausencia á súa dona, fillos, así como aos irmáns e toda a súa familia. Tamén queremos amosarlle ao Partido Socialista de Rianxo e da comarca, o noso máis fondo respecto e afecto nestes momentos.

En segundo lugar expresar desde esta Casa de todos os rianxeiros e tamén no nome de todos e todas o o noso sentimento polo pasamento dun home traballador incansábel e dedicado até o último alento pola tarefa do servizo público. Honrou o cargo que ostentou nestes catro anos, sendo traballador leal, comprometido e honesto coa tarefa común que é Rianxo. Nuns momentos nos que a palabra política se enche de connotacións negativas, un cargo público desde a humildade dunha pequena corporación local, deu sentido ás palabras vocación, entrega e servizo ao pobo. Sen horarios, sen tempos, sen lugares... De xeito cotián e continuo Carlos Gey Hermo deunos probas desa súa paixón polo municipio e da política para construímos desde o concreto, desde a parroquia, desde o Concello, desde a bisbarra, un mundo mellor.

Por todo isto, reunidos nesta Casa por unanimidade de todos os grupos políticos tomamos por unanimidade o seguinte ACORDO:

Decretar tres días de loito oficial no que as bandeiras do Concello ondearán a media hasta. Comezará desde as 13 h. Do día de hoxe até as 13 h., do martes 24.

Suspender as actividades institucionais que teñan lugar durante este tempo declarado de loito.

Poñernos ao dispor da súa familia para participar como corporación nos actos que se establezan.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dª. Vanesa Martínez Duran, amosa as condolencias á familia do finado.

A voceira do grupo municipal do BNG, Dª. Adelina Ces Quintáns, di que se suman ao dito sobor do primeiro tenente de Alcalde, e asemade fai unha lembranza da exconcelleira falecida D.ª Dolores Tarela Castaño, tamén da parroquia de Asados.

O concelleiro do PsdeG-PSOE, Joaquín Domínguez Salgado, da lectura a un poema de Miguel Hernández, que dedica en semblanza do seu compaño de partido e amigo:

(*En Orihuela, su pueblo y el mío, se me ha muerto como del rayo Ramón Sijé, con quien tanto quería.*)

Yo quiero ser llorando el hortelano
de la tierra que ocupas y estercolas,
compañero del alma, tan temprano.

Alimentando lluvias, caracoles
Y órganos mi dolor sin instrumento,
a las desalentadas amapolas

daré tu corazón por alimento.
Tanto dolor se agrupa en mi costado,
que por doler me duele hasta el aliento.

Un manotazo duro, un golpe helado,
un hachazo invisible y homicida,
un empujón brutal te ha derribado.

No hay extensión más grande que mi herida,
lloro mi desventura y sus conjuntos
y siento más tu muerte que mi vida.

Ando sobre rastrojos de difuntos,
y sin calor de nadie y sin consuelo
voy de mi corazón a mis asuntos.

.Temprano levantó la muerte el vuelo,
temprano madrugó la madrugada,
temprano estás rodando por el suelo.

No perdonó a la muerte enamorada,
no perdonó a la vida desatenta,
no perdonó a la tierra ni a la nada.

En mis manos levanto una tormenta
de piedras, rayos y hachas estridentes
sedienta de catástrofe y hambrienta

Quiero escarbar la tierra con los dientes,
quiero apartar la tierra parte
a parte a dentelladas secas y calientes.

Quiero minar la tierra hasta encontrarte
y besarte la noble calavera
y desamordazarte y regresarte

Volverás a mi huerto y a mi higuera:
por los altos andamios de mis flores
pajareará tu alma colmenera

de angelicales ceras y labores.
Volverás al arrullo de las rejas
de los enamorados labradores.

Alegrarás la sombra de mis cejas,
y tu sangre se irá a cada lado
disputando tu novia y las abejas.

Tu corazón, ya terciopelo ajado,
llama a un campo de almendras espumosas
mi avariciosa voz de enamorado.

A las aladas almas de las rosas...
de almendro de nata te requiero,:
que tenemos que hablar de muchas cosas,
compañero del alma, compañero.

A proposta queda APROBADA polos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

Levántase a sesión ás 12: 22 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo